

GUÍA DE LECTURA

MEMORIAS DUN NENO LABREGO



AUTOR

Escribe unha breve biografía do autor.

ARGUMENTO

Resume o argumento. Máximo un folio.

TEMA OU TEMAS PRINCIPAIS

Sinala cal ou cales son os temas principais.

ESTRUTURA EXTERNA

Neste apartado debes indicar as partes e capítulos nas que se pode dividir.

NARRADOR

Indica que tipo de narrador presenta.

PERSONAXES

Indica cal ou cales son os principais e os secundarios e se se trata de personaxes redondos ou planos.

ESPAZO

O espazo, como sabes, é o marco representativo onde se amosan os conflitos e actuacións dos personaxes. Polo tanto, neste apartado non só deberás sinalar as referencias espaciais presentes na novela, senón a maneira na que o espazo no que se desenvolve esta inflúe e mesmo determina a vida de Balbino.

TEMPO

A sucesión de acontecementos dunha novela implica a existencia de dúas temporalidades:

- **Tempo da historia.** É a sucesión temporal en que se desenvolven os acontecementos narrados (anos, días, horas...).
- **Tempo do discurso.** É a organización narrativa da cronoloxía dos sucesos. Neste apartado deberás indicar se se trata dunha narración lineal ou hai saltos cara atrás (analepses) ou cara adiante (prolepses).

ESTILO

Aquí debes sinalar os trazos da linguaxe empregada polo autor, os modos do discurso (narración, descrición e diálogos) e os recursos estilísticos.

Podes ter en conta á hora de redactar o teu traballo os seguintes aspectos:

- Entre as principais características da súa prosa destaca a proximidade da súa linguaxe á da fala popular: léxico rico, sintaxe sinxela... Sinala algún exemplo.
- Como sabes as tres formas posibles en que se pode presentar o enunciado, é dicir os modos narrativos, son: a narración, a descrición e o diálogo. Sinala algún exemplo de cada un dos modos do discurso presentes na

novela e indica cal ou cales predominan.

VALORACIÓN PERSOAL

Neste apartado debes expresar as túas impresións razoadas sobre a novela. Podes ter en conta algún dos seguintes aspectos:

- As novelas e relatos curtos de Neira Vilas poden encadrarse na liña do socialrealismo. Indica de que maneira se reflicte este nesta novela.
- A obra narrativa do escritor de Gres adoita centrarse no mundo rural ou no da emigración. Ocorre así nesta novela? En cal destes mundo se centra?
- De que forma condiciona a vida de Balbino a sociedade na que vive? Cales son as principais características desta sociedade? Cal é a túa opinión sobre esta?
- Consideras que Balbino ten unha opinión crítica sobre a sociedade na que vive? E a súa unha mirada inxenua aínda que crítica? Razona a resposta.
- Quedáballe a Balbino outra solución que non fose irse da casa? Razona a resposta.
- En resumo: cal é a túa opinión persoal e razoada sobre a novela respecto ao contido, a forma e a linguaxe empregada?

BIBLIOGRAFÍA

BLIX (Biblioteca de literatura infantil e xuvenil):

<http://www.filix.org/xove/memoriad.html>

A hora de elaborar a túa valoración persoal pódete ser de interese ler as valoracións que escritores de sona fixeron desta obra:

http://elpais.com/diario/2010/12/17/galicia/1292584705_850215.html